



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Anuncio

ACORDO do 14 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Quiroga. (Expediente IN407A 2024/126-2)

Con data 11 de abril de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Regulamentación LMTA RUA806 en tramo entre os apoios 34-44-30-15-21 e 34-44-30-15-21-5 (Quiroga)", no concello de Quiroga.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia de 30 de abril do 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 7 de maio de 2025, para que comparezan o día **2 de outubro de 2025 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 14 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	44	67	Cozeira	Monte Alto	Descoñecido	02.10.2025	10:00

R. 2276

Anuncio

ACORDO do 14 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón. (Expediente IN407A 2024/106-2)

Con data 26 de marzo de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Adecuación LMTA PRS802 entre apoios núm. 75-1 e núm. 75-1-9 (Pantón)”.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga deducida da que se someteu a información pública no diario EL Progreso de 10 de abril de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 21 de abril de 2025, para que comparezan o día **2 de outubro de 2025 no concello de Pantón** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 14 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Concello: Pantón (Lugo)

Expediente: IN407A 2024/106-2

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	56	202	Agra dos Condes	Prado	Otilia González Fontaiña	02.10.2025	12:00
2	56	192	Agra dos Condes	Monte Alto	Descoñecido	02.10.2025	12:30

R. 2277

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 6 DE AGOSTO DE 2025 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 16.05.2025 (BOP núm. 116, do 23.05.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza denominada TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 18.07.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

A) ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	AZANZA MORENO, CRISTINA	***2840**
2	CASTIÑEIRA BAAMONDE, NOEL	***5414**
3	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ALEXANDRE	***9442**
4	GARCÍA MOSQUERA, ALEJANDRO	***1401**
5	PEREIRA FERREIRO, GONZALO	***2377**
6	SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, DIEGO	***1078**
7	SEIJIDO GARCÍA, LETICIA	***9310**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Ángeles Rivas Vázquez, xefa do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Ricardo José Rosado Saavedra, licenciado en Educación Física, profesor de ensino secundario, especialidade educación física, no CIFP Politécnico de Lugo.

Suplente: Don Emilio Guerreiro Muñoz, licenciado en Educación Física, profesor de ensino secundario, especialidade educación física, no CIFP Politécnico de Lugo.

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Silvia Fernández Vila, técnica de turismo na Unidade de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo.

Titular: Don Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

SECRETARIA:

Titular: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar os/as membros do Tribunal, para que comparezan o xoves día 28 de agosto de 2025, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar os/as membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o mércores día 3 de setembro de 2025, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 7 de agosto de 2025.- O secretario xeral, P.S a secretaria-interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 2302

CONCELLOS**CASTRO DE REI***Anuncio*

Decreto de Alcaldía Número 55/2025 de 4 de agosto de 2025

APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS RELATIVOS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE CONSERXE LIMPADOR DO CEIP VELEIRO DO CAMPO POR OPOSICIÓN DO CONCELLO DE CASTRO DE REI, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E SINALEMAMENTO DO DÍA PARA REALIZAR AS PROBAS DE SELECCIÓN.

Visto o disposto nas bases que rexen o proceso selectivo para a provisión en propiedade de conserxe limpador do CEIP Veleiro do Campo, aprobadas por Decreto de Alcaldía 157/2025 de 28 de febreiro do 2025, publicado no BOP de Lugo nº 54 de 07/03/25 e no Decreto 256/2025 de 15 de abril de 2025, publicado no BOP de Lugo nº 91 de 22/04/25. Expediente 217/2025.

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Decreto de Alcaldía número 418/2025, de data 25 de xuño de 2025 publicado no BOP de Lugo nº 149 de 1 de xullo de 2025, na sede electrónica do concello <https://castroderei.gal> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

ADMITIDOS/AS

D.N.I.	APELIDOS	NOME	PROBA DE GALEGO
***5942**	ALONSO ÁLVAREZ	DIEGO ALBERTO	NON EXENTO
***4822**	ANDIÓN PENA	NANCY	EXENTA
***4822**	ANDIÓN PENA	JANET	EXENTA
***4599**	BURGO ATRIO	MARÍA JOSÉ	EXENTA
***4675**	CARBALLEIRA FERNÁNDEZ	JOSÉ MANUEL	EXENTO
***3388**	CARBALLÉS LÓPEZ	SUSANA	EXENTA
***4988**	DÍAZ SOTO	VANESA	EXENTA
***3812**	FERNÁNDEZ LÓPEZ	ANA BELÉN	EXENTA
***8848**	FRAGA PARDIÑO	DAVID	EXENTO
***2861**	GARCÍA FERNÁNDEZ	MARIO	EXENTO
***1983**	GONZÁLEZ FONTAÍNAS	FRANCISCO JAVIER	EXENTO
***5448**	GONZÁLEZ RIFÓN	DIEGO	EXENTO
***9421**	MARTÍNEZ DÍAZ	HERIBERTO	EXENTO
***2260**	PEGERTO GONZÁLEZ	JOSÉ	NON EXENTO
***4370**	PENA MIRAGAYA	ÚRSULA	EXENTA
***6395**	RODRÍGUEZ GARCÍA	PABLO	EXENTO
***4229**	RODRÍGUEZ LÓPEZ	JORGE	EXENTO
***3985**	RUBINOS REGUEIRO	RAQUEL	EXENTA
***0964**	SANTOMÉ GARCÍA	ALEJANDRO	NON EXENTO

EXCLUIDOS/AS

D.N.I.	APELIDOS	NOME	CAUSA EXCLUSIÓN
***9462**	DIAZ PAZ	JOSÉ	NON SUBSANA ANEXO I
***3687**	HERBÓN FERNÁNDEZ	EVA	NON APORTA CERTIFICADO DELITOS SEXUALES
***3961**	LÓPEZ FERNÁNDEZ	SONIA	NON APORTA CERTIFICADO DELITOS SEXUALES NON PRESENTA ANEXO I
***3769**	ÓNEGA CASTRO	MARGARITA	NON APORTA CERTIFICADO DELITOS SEXUALES ACTUALIZADO NON APORTA ACREDITACIÓN COA VALIDACIÓN DE NIVEL DE COMPETENCIA EN LINGUA GALIGA EQUIVALENTE A CELGA
***3408**	RODRÍGUEZ VILA	JORGE	NON APORTA CERTIFICADO DELITOS SEXUALES NON PRESENTA ANEXO I
***5040**	SEARA VAZQUEZ	JOSE LUIS	NON PRESENTA ANEXO I
***4420**	SUÁREZ LÓPEZ	JORGE	NON APORTA CERTIFICADO DELITOS SEXUALES

Segundo.- Nomear como membros do Tribunal para as probas de selección do proceso selectivo por oposición para a provisión en propiedade de conserxe limpador do Ceip Veleiro do Campo ás seguintes persoas:

Presidente:

Titular: Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora do Concello de Castro de Rei.

Suplente: Dona Ana Pereira Marzán, Responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de selección, promoción e carreira da Deputación de Lugo.

Vogais:

Titular: Don Pablo Muiña Rivas, Oficial servizos múltiples apoio mantemento centros, na Sección de benestar social e igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Julián Mayor Couceiro, Xefe unidade mantemento e conservación da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Rodríguez Pérez, Coordinador-Xefe portería e reprografía na Unidade de portería e vixilancia da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luis Vázquez Liz, Oficial de oficios múltiples na Unidade de portería e vixilancia da Deputación de Lugo.

Titular: Don Serafín Rodríguez Trashorras, Porteiro no Servizo de prevención de riscos laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Fernández Arias, Porteiro na rede museítica provincial da Deputación de Lugo.

Secretaria:

Titular: Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

Suplente: Dona Monserrat Conde López, Secretaria-Interventora no Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos da Deputación de Lugo.

Teceiro.- Convocar para o día luns 22 de setembro de 2025, para a celebración da proba do primeiro exercicio ás 10:00 horas e o segundo exercicio a continuación.

Realizarase a proba de coñecemento de lingua galega cando remate o segundo exercicio por aqueles aspirantes que non estean exentos.

As probas realizaranse no edificio do Ceip Veleiro Docampo situado en Avenida Terra Cha, s/n, en Castro Riberas de Lea.

Cuarto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Corporación e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal, contra a cal se poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación ou ben recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Castro de Rei, 5 de agosto de 2025.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2278

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as **normas para seleccionar:**

1 COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS, EN REXIME DE INTERENIDADE.

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de febreiro de 2025, a disposición dos interesados no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefz.es).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 4 de agosto de 2025.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2303

Anuncio

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS CASSETAS DE PRAIA

Por Decreto desta Alcaldía de data **29 de xullo de 2025**, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2025, por importe de **//33.900,00 €//**.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o **7 de agosto de 2025** ao **7 de outubro de 2025**.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o período executivo que determina a existencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 4 de agosto de 2025.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2304

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data **1 de agosto de 2025**, aprobaronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 3º bimestre de 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o **8 agosto de 2025** e o **8 de outubro de 2025**.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa existencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 4 de agosto de 2025.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2305

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **XUÑO** de 2025

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de **XUÑO** de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 9 de xullo de 2025.- O Alcalde en funcións, D. Javier Huertas Otero.

R. 2279

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de crédito núm. 1/2025 do vixente orzamento xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, núm. 5/90 adoptado na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2025, publicado no BOP nº 154 do 7 de xullo de 2025.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos despois da modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC 1/2025	CREDITOS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de Persoal	37.990.309,10		37.990.309,10
2	Gastos en bens correntes e servizos	66.285.333,42	1.997.422,90	68.282.756,32
3	Gastos financeiros	380.000,00		380.000,00

4	Transferencias correntes	6.911.788,41	135.000,00	7.046.788,41
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	400.000,00	0,00	400.000,00
	Total operacións correntes	111.967.430,93	2.132.422,90	114.099.853,83
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	19.087.301,77	950.000,00	20.037.301,77
7	Transferencias de capital	5.653.035,25	51.000,00	5.704.035,25
	Total operacións de capital	24.740.337,02	1.001.000,00	25.741.337,02
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	2.900.000,00		2.900.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00	3.304.696,76	3.304.696,76
	Total operacións financeiras	2.900.000,00	3.304.696,76	6.204.696,76
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	139.607.767,95	6.438.119,66	146.045.887,61

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC 1/2025	PREVISIÓNS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	43.914.845,85		43.914.845,85
2	Impostos indirectos	5.788.034,68		5.788.034,68
3	Taxas e outros ingresos	26.818.270,92		26.818.270,92
4	Transferencias correntes	35.386.655,34		35.386.655,34
5	Ingresos patrimoniais	633.500,00		633.500,00
	Total operacións correntes	112.541.306,79		112.541.306,79
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	658.469,24		658.469,24
	Total operacións de capital	658.469,24		658.469,24
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	17.547.991,73		17.547.991,73
9	Pasivos financeiros	8.860.000,00		8.860.000,00
	Total operacións financeiras	26.407.991,73		26.407.991,73
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	139.607.767,76		139.607.767,76

Lugo, 5 de agosto de 2025.- O Excmo. Sr. Alcalde Presidente, don Miguel Fernández Méndez.

R. 2280

PANTÓN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2025

Logo de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2025, por non formular alegacións contra o acordo de aprobación inicial adoptado en sesión celebrada o día 10 de Xullo de 2025, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos:

PRESUPUESTO DE GASTOS		
Capítulo	Descripción	Consignación
	OPERACIONES CORRENTES	
1	GASTOS DE PERSOAL	1.742.730,44 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES	1.270.942,83 €
3	GASTOS FINANCIEROS	1.000,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	133.484,78
5	FONDO DE CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	0,00€
	Subtotal	3.148.158,05€
	OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONS REAIS	415.321,95
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.000,00 €
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00€
	Subtotal	420.321,95€
	TOTAL PRESUPUESTO GASTOS	3.568.480,00€

PRESUPUESTO DE INGRESOS		
Capítulo	Descripción	Consignación
	OPERACIONES CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	735.406,50€
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	80.000,00€
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	421.995,09€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.039.287,55€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	8.235,62€
	Subtotal	3.284.924,76€
	OPERACIONES DE CAPITAL	
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	283.555,24€
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €

9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00€
	Subtotal	283.555,24€
	TOTAL PRESUPUESTO INGRESOS	3.568.480,00€

De acordo co disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, publícase a plantilla do persoal incluída no expediente do Orzamento:

A) PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	RETRIBUCIÓN	SITUACIÓN
Secretaría – Intervención	1	1	28	Habilitación Nacional	Secretaría Intervención	50.516,88 €	ACUMULACIÓN (Agrupación pendiente)
Auxiliar Administrativo	2	7	16	Administración		40.175,80 €	PROPIEDAD
Auxiliar Administrativo	1	7	12	Administración		20.087,90€	PROPIEDAD
Auxiliar Administrativo	1	7	12	Administración		20.087,90 €	INTERINIDADE
Conserxe Colexio	1	10	10			16.576,00 €	VACANTE

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	RETRIBUCIÓN	SITUACIÓN
Operario de Servizos Alumeado Público	1	10	16.576,00 €	VACANTE
Peón Depuradora de Aguas	1	10	17.277,00 €	PROPIEDAD
Peón Depuradora de Aguas	1	10	16.802,24 €	INTERINIDAD
Técnica Depuradora de Aguas	1	1	29.527,44 €	PROPIEDAD
Peón de Parques y Jardines	1	10	16.576,00 €	INTERINIDADE
Chofer Camión Basura	1	10	18.029,52 €	PROPIEDAD
Peón Recogida Basura	1	10	16.576,00 €	PROPIEDAD
Peón Alumbrado Público	1	10	16.576,00 €	PROPIEDAD
Peón Tractor	1	10	16.576,00 €	PROPIEDAD
Limpiador/a Centro de Salud y Casa del Ayuntamiento	1	10	16.576,00 €	PROPIEDAD
Animador Socio Cultural	1	7	18.529,68 €	PROPIEDAD
Auxiliar Cultura	2	7	33.229,56 €	PROPIEDAD
Bibliotecario	1	10	6.963,72 €	PROPIEDAD
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	1	30.438,60 €	PROPIEDAD
Auxiliar de Ayuda en el Hogar	13	10	215.489,04 €	PROPIEDAD
Trabajador Social	1	2	25.607,76 €	PROPIEDAD

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	RETRIBUCIÓN
Trabajador Social	1	2	23.275,32 €
Alumnos/as Obradoiro de Emprego RICRA VIII	20	10	248.641,20 €

Monitor Obradoiro de Emprego RICRA VIII	3	2	56.700,00 €
Director Obradoiro de Emprego RICRA VIII	1	1	24.556,41 €
Auxiliar de Ayuda en el Hogar	8	10	132.608,64 €
Peón de Servicios Múltiples (Subvención Consellería Promoción do Emprego e Igualdad – Xunta de Galicia)	1	10	8.287,20 €
Peón de Servicios Múltiples (Subvención Deputación Provincial de Lugo)	3	10	87.255,00 €
Monitor Deportivo (Subvención Deputación Provincial de Lugo)	1	10	16.620,00 €
Peón Forestal (Subvención Consellería de Emprego, Comercio e Emigración – Xunta de Galicia)	2	10	24.930,00 €
Conserxe Colegio	1	10	16.578,06 €

B) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO:

DENOMINACIÓN PLAZA	Nº PLAZAS	GRUPO	RETRIBUCIÓN
Educador Social	1	2	23.542,08 €
Arquitecto/a	1	1	16.234,68 €

Pantón, 5 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2281

Anuncio

Informe da Comisión Especial de Contas da Entidade de Concello de Pantón sobre a debida xustificación da Conta Xeral do exercicio 2024.

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 por un prazo de quince días, durante os cales quen se estime persoas interesadas poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Á súa vez, estará ao dispor de as persoas interesadas na sede electrónica desta Entidade [<http://concellodepanton.sedelectronica.gal>].

Pantón, 5 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2282

SAMOS**Anuncio**

O día 07/08/2025, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto nº2025-0159, aprobou as **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA COIDADOR/A DE VIVENDAS COMUNITARIAS QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE SAMOS**. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA COIDADOR/A DE VIVENDAS COMUNITARIAS QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE SAMOS

1.- OBXECTO**1.1 Obxecto:**

Vista a imposibilidade de contratar un/ha coidador/a de vivendas comunitarias para a substitución dunha traballadora da plantilla ó abeiro da bolsa de emprego, debido a ausencia de candidatos dispoñibles segundo o que obra no expediente nº273/2025

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de UN (1) COIDADOR/A DE VIVENDAS COMUNITARIAS (categoría oficial de coidador/a), para a substitución dunha traballadora da plantilla co fin de poder levar a cabo a correcta execución de servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: “No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

As presentes contratacións laborais rexeráse:

- Polo artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- -Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- -Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **concurso-oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal).

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral temporal que se formalizará coa persoa seleccionada, dacordo coa lexislación vixente, será a xornada completa e de duración incerta ata que a traballadora substituída por motivo de baixa, vacacións, permisos... se incorpore o seu posto de traballo

3. FUNCIÓNS

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas

circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

Relacionadas cos usuarios da vivenda:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida dos usuarios das vivendas que o precisen, tales como:
- Apoio na hixiene persoal, ou para vestirse.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Supervisión das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos.
- Lavado e coidado de prendas de vestir dos usuarios das vivendas.
- Acompañamento fóra das vivendas para acudir a consultas ou tratamentos.
- Curas menores.
- Acompañamento, segundo as necesidades dos usuarios da vivenda comunitaria

Relacionadas coa vivenda:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade das vivendas.
- Preparación das comidas de todo o día.
- Lavado e coidado da roupa da vivenda: manteis, sabas, mantas, etc.
- Coidados básico da vivenda.
- Mantemento habitual e ordinario do edificio e instalacións, contido, da vivenda comunitaria.

E aquelas que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas do equipamento da vivenda comunitaria e, mesmo, do servizo de axuda no fogar.

Igualmente realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo xefe da área ou servizo correspondente, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD 781/86, de 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, de 2 de agosto; co apartado e) do artigo 56 e artigo 77 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e na Resolución de 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de novembro de 2008, sobre criterios comunes de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia, será necesario estar en posesión dalgún dos títulos académicos e/ou profesionais, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan

- Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, de 30 de abril.
- Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou no seu caso calquera outro título ou certificado que se publike cos mesmos efectos profesionais.
- Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido polo Real Decreto 1074/2012, de 13 de xullo, ou o título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido polo entón Real Decreto 2061/1995, de 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do presente Acordo encóntrense traballando na categoría profesional de coidador ou xerocultor.
- Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Outra titulación análoga.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase á Sra. alcaldesa do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria e das bases íntegras no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido na Base 4 e).

c) Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado na Base 8 A) apartado a1) das presentes Bases, dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

d) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

e) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, adata e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos pessoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos a alcaldesa nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.
- Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e praxe do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o concurso-oposición, realizándose en primeiro lugar a fase de concurso de méritos e posteriormente a de oposición.

No Decreto de Alcaldía no que se declare aprobada a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, designarase aos membros do Tribunal así como a data na que se constituirá e a hora e lugar para a realización dos exercicios da fase de oposición.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento oficial fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados nun único chamamento, sendo excluídos do proceso os que non compareceran na fase de oposición.

A) FASE CONCURSO DE MÉRITOS

A puntuación máxima a acadar por este apartado será de 4,00 puntos. Só se terán en consideración aqueles que figuren suficientemente acreditados consonte ao sinalado nas presentes bases. A valoración farase de conformidade co seguinte criterio:

a1) Por experiencia previa nas funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección:

- Por ter desempeñado na Administración Pública as mesmas funcións do posto de traballo ao que aspira: 0'30 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Administración Pública ou copia compulsada do/s contrato/s.
- Por ter desempeñado na empresa privada as mesmas funcións do posto de traballo ao que aspira: 0'15 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Empresa ou copia compulsada do/s contrato/s.

B) FASE OPOSICIÓN

Puntuación máxima de 10 puntos. Consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio.

EXERCICIO. Consistirá nunha entrevista a cal versará sobre o currículo persoal, tanto académico como profesional, en relación á experiencia de cada un dos aspirantes e a adecuación curricular ás función de cada un dos postos a cubrir, tamén se indagará sobre a interese no posto e incluíranse preguntas de carácter teórico relacionadas co temario especificado no Anexo I das presentes bases

Esta proba terá carácter eliminatorio e para superala deberase obter como mínimo 5 puntos.

C) PROBA DE GALEGO:

Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditan o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos, e será calificada como APTO ou NON APTO, **quedando eliminados os aspirantes que non obteñan a condición de APTO.**

Contra os acordos do Tribunal poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web a puntuación total do proceso selectivo, dispoñendo os aspirantes dun prazo de alegacións de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación.

De efectuarse alegacións, resolveranse polo Tribunal a efectos da proposta definitiva. De non existir, a proposta provisoria elevarase automaticamente a definitiva. Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente a proposta definitiva para que dite Resolución cos candidatos seleccionados, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A calificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos/as aspirantes nas fases de concurso e oposición. No suposto de empate na puntuación final entre dous o máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na fase de oposición, de persistir o empate, pola puntuación máis alta na fase de concurso e, se iso non fora suficiente, mediante sorteo público.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos ante posibles renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, na citada Proposta sinalaranse igualmente os aspirantes que tendo superado todas as probas, non resultaran seleccionados nos termos expostos co fin de contratar outro traballador que cumpra os requisitos polo tempo que reste ata cumprir o período subvencionado

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo máximo de dous (2) días hábiles a partires da Resolución cos candidatos seleccionados para seren contratados, éstos deberán achegar a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

4) Declaración xurada de non encontrarse incusa en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

5) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo conforme a lexislación vixente

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrida un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

Samos, 7 de agosto de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I.-TEMARIO**Tema 1**

Coñecemento básico da saúde; Dietética e nutrición; Características específicas da alimentación na persoa maior.

Tema 2

Vixilancia de persoas maiores. Primeiros auxilios; Accidentes de persoas maiores: Caídas, Inmobilización, fracturas nas persoas maiores.

Tema 3

Técnicas e procedementos de coidados xeriátricos.

Tema 4

Hixiene de instalacións, equipos e ferramentas.

Tema 5

Disposicións mínimas de seguridade e saúde. Prevención de riscos laboráis.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN/HA COIDADOR/A DE VIVENDAS COMUNITARIAS QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS

D/a provisto/a de D.N.I.nº
 con enderezo na R/ nº piso
 C.Postal Localidade Municipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal, a xornada completa, do posto sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.
- Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado nas presentes Bases, dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

....., de de 2025

O/a solicitante,

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAMOS

R. 2306

VILALBA*Anuncio***N. Expediente 3294/2025****Modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2025: Relación nominal de subvencións**

Para os efectos do establecido no art. 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, o expediente da modificación da base número 24 das bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vilalba para o exercicio 2025 que regula as normas especiais relativas ás subvencións nominativas (Expte. 3294/2025), aprobado inicialmente polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **31 de xullo de 2025**, ó obxecto de que durante o dito prazo os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 5 de agosto de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2283

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente do **“Regulamento normalizador do teletraballo no Concello de Vilalba”**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **31/07/2019**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 5 de agosto de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2284

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS 2025**

Definitivamente aprobados os presupostos desta Mancomunidad para o exercicio 2025, segundo acordo acadado pola Asemblea Plenaria desta corporación na súa sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xuño de 2025, ao non se presentaren reclamacións no prazo de exposición ao público anunciado no BOP de Lugo nº 141 do 21/06/2025, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o devandito Orzamento ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á contía de CENTO SETENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS CATORCE EUROS (172.414 €) correspondendo a cada capítulo as cantidades que se relacionan segundo o seguinte detalle:

RESUME POR CAPÍTULOS**INGRESOS**

Capítulos	Denominación	euros
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1.-	Impostos directos.....	0,00
2.-	Impostos indirectos.....	0,00
3.-	Taxas e outros ingresos.....	4.774,00
4.-	Transferencias correntes.....	167.640,00

5.- Ingresos patrimoniais.....	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6.- Alleamento de inversións reais.....	0,00
7.- Transferencias de capital.....	0,00
8.- Activos financeiros.....	0,00
9.- Pasivos financeiros.....	0,00
TOTAL INGRESOS.....	172.414,00

GASTOS

Capítulos	Denominación	euros
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1.-	Gastos de persoal.....	85.072,38
2.-	Gastos en bens correntes e de servizos....	81.801,62
3.-	Gastos financeiros.....	3.500,00
4.-	Transferencias correntes.....	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.		
6.-	Inversións reais.....	2.040,00
7.-	Transferencias de capital.....	0,00
8.-	Activos financeiros.....	0,00
9.-	Pasivos financeiros.....	0,00
TOTAL GASTOS.....		172.414,00

Así mesmo, na referida sesión apróbase o cadro de postos de traballo desta Mancomunidade que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, se reproducen a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL C.D.	C. ESPECÍFICO
SECRETARIO-INTERVENTOR				
- HAB NACIONAL	1	A1/A2	---	ACUMULACIÓN
TOTAL FUNCIONARIOS DE CARREIRA UN (1)				

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS
Interinidade indefinida	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO-SERVIZOS XERAIS	1
AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO E XERENTE DO PST	1
Persoal laboral fixo Plan Sostenibilidade Turística (PST)	
TÉCNICO EN MATERIA TURÍSTICA	2
TOTAL PERS. LABORAL FIXO	4

Barreiros, 7 de agosto de 2025.- A Presidenta, Rocío López García.

R. 2307